



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 9 DE NOVEMBRO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:47 horas do día 9 de novembro de 2023, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 27.10.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 27.10.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE SETEMBRO DE 2023



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de setembro 2023 que empeza por _____, DNI: _____, cun importe de 84,70 € e finaliza con _____, DNI: _____ cun importe de 79,20 € e se compón de 46 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5.003,70 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de setembro de 2023 que empeza por _____, DNI: _____, cun importe de 37,80 € e finaliza con _____, DNI: _____, cun importe de 25,20 € e se compón de 8 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 343,78 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXPEDIENTE: 2023/G006/000258

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 08.11.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Expediente: 2023/G006/000258

Solicitud: 20220000003704



ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000776580

Primeiro. Se presenta solicitude indicando duplicidade de recibos con cota correspondente ao epígrafe 1.2 “viviendas recollida resto de zonas” 47.00€ (artigo 5.2 da Ordenanza): recibos con números 253000776580 e 253000644647

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e dos recibos que constan no SIXT.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 05.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se



prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

Compróbase en primeiro lugar o titular da referencia catastral () que consta en ambos recibos.

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible (data de alteración 02.05.2018; modificación en Catastro: 20/11/2019) segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				USUFRUCTO. (100,00%)
				NUDA PROP. (100,00%)

Ambos recibos están a nome do titular correcto (nudo propietario).

O solicitante afirma que existe duplicidade entre ambos recibos. Ambos recibos comparten referencia catastral e tributan pola tarifa do epígrafe 1.2 correspondente a vivendas en zonas non urbanas. Solicitase informe da policía a efectos de verificar cantas vivendas con servizo de recollida de lixo existen na finca coa referencia catastral indicada.

Consta informe da policía local no que se indica a existencia dunha soa vivenda: “Nota: La finca de D. consta asimismo con 2 edificacións sendo una la vivenda principal, y la otra edificación un pequeno almacén usado como edificio auxiliar, almacenamiento, barbacons de fin de semana, etc”

Anulación e baixa en Padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente aos exercizos 2020, 2021, 2022 e 2023 (recibos non prescritos) por duplicidade. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000776580	20233515022RL01R00012 0			2023	47.00
253000776580	20223515022RL01R00252 6			2022	45.12



253000776580	20213515022RL01R00249 6		2021	45.12
253000776580	20203515022RL01R00248 5		2020	47.00

Por último procede a baixa no Padrón do recibo.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por duplicidade:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000776580	20233515022RL01R00012 0			2023	47.00
253000776580	20223515022RL01R00252 6			2022	45.12
253000776580	20213515022RL01R00249 6			2021	45.12
253000776580	20203515022RL01R00248 5			2020	47.00

SEGUNDO. Aprobar a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte recibo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000776580
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

TERCEIRO. Comunicar estes acordos ao interesado e á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 5.3 A) DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO. EXPEDIENTE: 2023/X999/000030

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 07.11.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: EXENCIÓN PREVISTA NO ARTIGO 5.3 A) DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO.

Expediente: 2023/X999/000030



ANTECEDENTES

Primeiro. Os que constan no expediente 2023/X999/000030 no que se solicita a aplicación da exención prevista no artigo 5.3a) da Ordenanza reguladora da taxa pola recollida de residuos que contempla a baixa por un prazo máximo de tres anos das vivendas nas que se acredite, mediante informe técnico, que non cumpren condicións de habitabilidade:

Segundo. Consta no expediente, informe do arquitecto técnico municipal Marcos Fernández Vieito no que conclúe que “a edificación NON se atopa en condicións para ser habitable”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.

A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fixa de 20,00 “

III. O expediente conta con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade das vivendas obxecto da solicitude.



A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabilitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2023, 2024 e 2025 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2023, 2024 e 2025 o recibo cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO
253000646667			

SEGUNDO. NOTIFICAR o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. SOCIEDADE ARTÍSTICA EIXIL CON NIF G15254758

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000294”

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades culturais do concello de Cedeira para o exercicio 2023. Sociedade Artística Eixil con NIF G15254758.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades culturais de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola Sociedade Artística Eixil con NIF G15254758.

Visto o informe favorable de Intervención de data 07 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Sociedade Artística Eixil con NIF G15254758 .



SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.176,49 € correspondente á subvención destinada a actividades e 452,53 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2023. CLUB NATACIÓN CEDEIRA CON NIF G15448053

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2023, que literalmente di:

“**Expediente:** 2023/G006/000296

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para clubs e entidades deportivas do concello de Cedeira para o exercicio 2023. Club Natación Cedeira con NIF G15448053.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a clubs e entidades deportivas de Cedeira para o ano 2023, que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 153/2023 de data 30 de marzo de 2023 e publicadas no BOP de 05 de abril de 2023. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 14 de abril de 2023.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada polo Club Natación Cedeira con NIF G15448053.

Visto o informe favorable de Intervención de data 07 de novembro de 2023 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada polo Club Natación Cedeira con NIF G15448053.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 2.303,10 € correspondente á subvención destinada a actividades e 834,80 € correspondente á subvención destinada a investimentos, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).



TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PRÓRROGA DO CONTRATO DENOMINADO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN AS PONTIGAS. POS+2022”

Expte.: 2021/C003/000002

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26.05.2023 foi adxudicada a obra denominada “Ampliación do saneamento en As Pontigas” a CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L. O contrato administrativo formalizouse con data 16.06.2023.

Con data 27.06.2023 formalizouse a Acta de comprobación do replanteo.

O prazo de execución deste contrato é de 4 meses, polo que debería finalizar a obra o día 27.10.2023.

Con data 11.10.2023 (R.E. 2023/999/2127) o adxudicatario presenta unha solicitude de prórroga do prazo de execución do contrato, motivada no seguinte:

“(…)
- Climatoloxía adversa durante moitas xornadas de traballo
- Modificacións impostas pola Deputación da Coruña para o cruce da estrada DP-2206 coas obras xa comezadas
- Coordinación coa concesinaria municipal do servizo de augas VIAQUA para a realización das acometidas domiciliarias e a reposición de firmes demolidos”.

Con data 26.10.2023 o director de obra emite un informe favorable á concesión desta prórroga, ao considerala xustificada polos argumentos expostos polo adxudicatario.

Con data 08.11.2023 emitíuse un informe favorable de Secretaría.

Con data 08.11.2023 emitíuse un informe favorable de Intervención.

Polo tanto, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder unha prórroga para a execución do contrato denominado “Ampliación do saneamento en As Pontigas” de **DOUS (2) MESES**.



2.- Deberáse recepcionar este contrato como data límite o día 27.12.2023.

3.- Dar traslado da presente resolución á empresa adxudicataria e á dirección de obra.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. DEVOLUCIÓN DOS AVAIS CORRESPONDENTES AO CONTRATO DENOMINADO “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 06.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DOS AVAIS CORRESPONDENTES AO CONTRATO DENOMINADO “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO “CASA AVELINO” PARA DEPENDENCIAS ADMINISTRATIVAS”

Expte.: 2020/C003/000005

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.10.2020 adxudicouse o contrato denominado **“Rehabilitación do edificio “Casa Avelino” para dependencias administrativas”** á empresa OBRAS GALLAECIA, S.L. polos importes de:

- FASE 1: 248.780,65 € IVE incluído
- FASE 2: 201.965,61 € IVE incluído

O adxudicatario constituíu ambas garantías definitivas polos seguintes importes:

- “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – **Fase 1**” : Aval núm. 661409 de data 27.08.2020 da entidade ABANCA polo importe de 10.280,19 €
- “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – **Fase 2**” : Aval núm. 661479 de data 01.09.2020 da entidade ABANCA polo importe de 8.345,69 €

Con data 02.11.2023 formalizase o contrato administrativo denominado **“Rehabilitación do edificio “Casa Avelino” para dependencias administrativas”**.

As respectivas Actas de recepción foron formalizadas nas seguintes datas:

- “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – **Fase 1**” : 05.04.2022 (expediente núm. 2017/C003/000013)
- “Rehabilitación do edificio Casa Avelino para dependencias administrativas – **Fase 2**” : 13.04.2022 (expediente núm. 2017/C003/000014)

O día 14.04.2023 (R.E. 2023/999/849) a empresa OBRAS GALLAECIA, S.L. solicita a devolución de ambos os dous avais polos respectivos importes de 10.280,19 € e 8.345,69 €.



Consta no expediente un informe favorable asinado con data 10.05.2023 polo director de obra D. Germán Barja Seijas e polo director de execución material D. José Ignacio Vales-Villamarín Navarro.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución dos seguintes avais:

- Aval núm. 661409 de data 27.08.2020 da entidade ABANCA polo importe de 10.280,19 €
- Aval núm. 661479 de data 01.09.2020 da entidade ABANCA polo importe de 8.345,69 €

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, e devolver o aval orixinal.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DENOMINADO “REHABILITACIÓN ESTRUCTURAL E DO PAVIMENTO DO ANEL VERMELLO DA PRAZA ROXA”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DENOMINADO “REHABILITACIÓN ESTRUCTURAL E DO PAVIMENTO DO ANEL VERMELLO DA PRAZA ROXA”

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27.07.2021 adxudicouse o contrato denominado **"Rehabilitación estrutural e do pavimento do anel vermello da Praza Roxa"** á empresa BCNOR, S.L. polo importe de 110.022,36 € IVE incluído.

O adxudicatario, en data con data 09.04.2021, presentou no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira (RE de 09.04.2021) a garantía definitiva polo importe de 4.546,38 € mediante Aval núm. 666060 de ABANCA de data 06.04.2021; e con data 19.08.2021 formalizouse o contrato administrativo.

A Acta de recepción formalizouse o día 15.03.2022.

Con data 05.04.2023 a empresa BCNOR, S.L. solicita a devolución do Aval núm. 666060 de ABANCA de data 06.04.2021 polo importe de 4.546,38 €.

Con data 06.11.2023 (R.E. 2023/999/2306) o Sr. director de obra D. Pablo Couto López, presenta un informe favorable á devolución do citado aval.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propono** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución do Aval núm. 666060 de ABANCA de data 06.04.2021 polo importe de 4.546,38 €.



2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, e devolver o aval orixinal.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.11.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Visto o CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA que ten por obxecto establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións dos Concellos e Deputacións Provinciais, así como para achegar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 26 de outubro de 2023 e o informe de Intervención da mesma data.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no decreto nº 345/2023 de 10 de xullo.

Considerando o interese deste Concello da adhesión ao dito convenio, co seguinte texto:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO



DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, de 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, de 5 de xuño de 2018, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E, pola outra D. Alberto Varela Paz, na súa condición de presidente da **Federación Galega de Municipios e Provincias** (en adiante Fegamp), CIF V15160963 e sede na rúa de Varsovia, 4C, 6º andar, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro, letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 29 de novembro de 2019.

Ambas as dúas partes en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

- Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanza impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.
- Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.
- Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen (Disposición adicional primeira) que “a Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se establece nestes convenios, e procurará o adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, no art. 51. f) indican que unha función das facultades e escolas é a promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.
- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da Universidade de Santiago de Compostela, de aí que sexa un dos obxectivos da USC complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.
- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) aquí representada, ten interese en participar e colaborar na formación práctica do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC).
- Que tanto a USC como a FEGAMP consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario egresado mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.
- Con este convenio preténdese enmarcar a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.
- Que a USC e a FEGAMP asinaron un convenio para a organización de prácticas dos alumnos con data de 30 de maio de 2012 e unha addenda a dito convenio de colaboración asinada con data do 7 de xuño de 2012.
- Que a entrada en vigor da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que na súa disposición adicional oitava establece que todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculados ou dependentes deberán adaptarse no que se refire ao prazo de vixencia do convenio, para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, fai necesario adaptar o convenio asinado entre a USC e a FEGAMP.

En consecuencia, e coa finalidade de continuar coa colaboración para a realización de prácticas académicas externas, proceden a formalizar o seguinte convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. □ OBXECTO.

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións dos Concellos e Deputacións Provinciais, así como para achegar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa. Os Concellos e Deputacións Provinciais (en adiante entidades colaboradoras) deben subscribir o documento de adhesión a este convenio que se recolle como Anexo I, para poder participar como entidades colaboradoras.



A FEGAMP deberá comunicar periodicamente á Universidade de Santiago de Compostela as entidades colaboradoras que asinen o dito documento de adhesión co fin de manter actualizada a relación das mesmas.

As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de **prácticas académicas externas** do alumnado nas instalacións da FEGAMP ou das entidades colaboradoras, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas poderán ser:

- Curriculares**, contempladas nos plans de estudo.
- Prácticas conducentes á elaboración dos Traballos fin de grao / Traballos fin de máster**, segundo se contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.
- Extracurriculares**, ou complementarias.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda. CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS.

A FEGAMP comprométese a colaborar coa USC a través das distintas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias (en diante centros), facilitando ao alumnado a realización de prácticas académicas externas que lle permita completar a formación recibida nas aulas.

A FEGAMP divulgará entre os concellos e deputacións provinciais de Galicia a existencia deste convenio, coa finalidade de que oferten prazas de prácticas ao alumnado das titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas na USC.

A oferta de prácticas realizarase entre os concellos e deputacións provinciais adheridos a este convenio.

Os distintos centros realizarán as convocatorias de prácticas que correspondan, nas que se indicarán as prazas ofertadas a través deste convenio, de acordo coa normativa de prácticas da USC.

A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder o período ordinario do curso académico con límite até o 30 de setembro do curso seguinte.

O órgano previsto na convocatoria efectuará a selección do alumnado conforme os criterios establecidos, que deberán ser taxados e nos que se terá en conta o rendemento académico. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes.

En todo caso, terán prioridade nos procesos de selección as prácticas curriculares sobre as extracurriculares. Así mesmo outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas ao alumnado con discapacidade, con obxecto de que poidan optar a empresas nas que teñan unha adaptación de medios para realizar as prácticas.

Unha vez asignado o destino das prácticas e antes do seu inicio, a alumna ou alumno deberá formalizar a oportuna matrícula nos prazos que se establezan.

Terceira. REQUISITOS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS.

Poderá participar nas prácticas o alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e máster impartidas na Universidade de Santiago de Compostela.

Para a realización das prácticas académicas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.
- **Prácticas curriculares:** Non ter superados os créditos vinculados a prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.
- **Prácticas extracurriculares:** Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa empresa; e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada en que se van realizar as prácticas, agás autorización expresa do órgano convocante e da entidade colaboradora que se poderá outorgar cando as prácticas non teñan ningunha relación co contido do contrato laboral en vigor.
- Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas

Cuarta. NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS.

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas académicas externas dependerá en cada curso académico das ofertas recibidas das entidades colaboradoras e concretarase na/s convocatoria/s que fagan os distintos centros da USC que imparten titulacións oficiais de grao e máster.

Quinta. DURACIÓN DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓNS DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS.

1. A duración das prácticas será a seguinte:



- As **prácticas externas curriculares** terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 14.5 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
- As **prácticas externas extracurriculares** terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as disponibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida pola alumna ou alumno na universidade.

3. O réxime de permisos será acordado entre a entidade colaboradora e a alumna ou alumno, e deberá adaptarse ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do alumnado.

4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o alumnado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo tutor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a FEGAMP a proposta da entidade colaboradora, comunicará á universidade esta circunstancia e, mediante acordo entre a universidade e a FEGAMP, poderán dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que corresponderan ás persoas beneficiarias.

No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado coa Comisión de Título poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Comisión de Título ou órgano competente deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste á alumna ou alumno para finalizar as prácticas.

Así mesmo, o alumnado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas, o que deberá ser resolto pola vicerreitoría con competencias en materia de prácticas académicas.

Sexta. □ PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS.

O proxecto formativo en que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o alumnado. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Este proxecto formativo especificase no anexo a este convenio para a realización de prácticas académicas externas (Anexo II).

Sétima. □ VINCULACIÓN DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS COA ENTIDADE COLABORADORA.

1. A relación do alumnado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no “Estatuto dos Traballadores”.

2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que o alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.

3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.

4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o alumnado.

Oitava. □ ASEGURAMENTO DO ALUMNADO E RESPONSABILIDADE CIVIL.

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para o alumnado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, ao seu cargo, un seguro de accidentes.

2. A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubrirá as posibles contingencias durante o desenvolvemento das prácticas, nos termos estipulados na póliza. Non obstante, no caso de prácticas en que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.

3. No caso de realización de prácticas académicas externas fóra do territorio nacional, o alumnado está obrigado a ter un seguro médico que garanta a asistencia sanitaria no país onde realizará o seu período de prácticas (Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro privado). Con todo, as prestacións da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado poden non ser suficientes en caso de repatriación ou determinadas intervencións médicas, polo que se recomenda ao alumnado a contratación dun seguro complementario privado. En calquera caso, solicitaráselle que acredite a tramitación da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado antes da súa partida. O alumnado que realice prácticas no estranxeiro deberá subscribir un seguro adicional de asistencia en viaxe que cubra, polo menos, responsabilidade civil privada, danos a terceiros, accidentes persoais e repatriación.

4. O alumnado que realice prácticas académicas externas que incorporen unha contraprestación económica, calquera que sexa o concepto ou a forma en que se perciba, estará asimilado a persoal laboral por conta aliea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, de conformidade co Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro, no que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

5. A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica a que poida ter dereito o alumnado terá a condición de empresa, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e a cotización que de ser o



caso corresponda.

Novena. □ DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

O alumnado en prácticas terá dereito a contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora na que as realice, e un titor ou titora académica da universidade.

O alumnado en prácticas terá dereito a:

- a) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O alumnado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- b) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndoo constar no expediente e no SET sempre que contén coa avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
- c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas, con indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
- d) Percibir, nos casos en que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) Que se lle reconeça a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- g) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- h) Dispoñer, no caso do alumnado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
- i) Conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
- j) Aquel outros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola USC e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, coa entidade colaboradora.

No caso das prácticas curriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación de prácticas na seguinte convocatoria.

No caso de prácticas extracurriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Este alumnado terá preferencia sobre as novas solicitudes de prácticas extracurriculares.

Así mesmo terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do estudante universitario”, e nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Durante o período de prácticas, o alumnado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o alumnado deberá:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no proxecto educativo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c) Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f) Cumprir calquera outra prevista na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora.

O alumnado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obter o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.



Décima. TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

A cada estudante seralle atribuído un titor ou titora académica que será docente da titulación por designación do centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor ou titora académica tamén será o responsable de avaliar ao alumnado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola USC.

Cada estudante contará tamén cun titor ou titora na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido pola alumna ou alumno.

Décimo primeira. DEREITOS E OBRIGAS DOS TITORES E TITORAS.

A. O titor ou titora externa da entidade colaboradora terá dereito a:

1. O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
2. A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
3. A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
4. A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

B. O titor ou titora externa da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:

1. Acoller o alumnado e organizar a actividade consonte o establecido no proxecto formativo.
2. Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
3. Informar o alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
4. Coordinar co titor ou titora académica da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio, que deberán contemplar:
 - a) As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
 - b) A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - c) O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
5. Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio. O informe final deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.
6. Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.
7. Proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
8. Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
9. Facilitar ao titor ou titora académica da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
10. Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
11. Prestar axuda e asistencia ao alumnado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

C. O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes dereitos:

- a) Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
- b) Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do alumnado que debe tutelar.
- c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

D. O titor ou titora académica da universidade terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do alumnado.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose co titor ou titora externa da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Avaliar as prácticas do alumnado titorizado de acordo co que se establece no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC (aprobado no CG do 29 de xullo de 2015).
- e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- f) Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.



Décimo segunda. □ MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada alumna ou alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido, que entregará ao titor ou titora académica. O seu contido mínimo axustarase ao establecido no Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela e ao modelo propio do centro, se o ten.

Décimo terceira. □ PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do alumnado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo cuarta. □ CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumna ou alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos, quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a USC das prácticas.

Décimo quinta. □ EFECTOS DAS PRÁCTICAS.

A realización das prácticas curriculares polo alumnado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos.

Décimo sexta. □ PROTECCIÓN DE DATOS.

As partes comprométese a cumprir o establecido no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, así como na *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais* e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudante poderá asinar coa entidade colaboradora un documento en que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co *Regulamento (UE) 2016/679* citado, coa *Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de litude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

Décimo sétima.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio. Intégrana por parte da USC o vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en que delegue, e a persoa responsable das prácticas do centro, e por parte da FEGAMP as dúas persoas que esta designe. O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quen delegue, será a persoa interlocutora da Universidade coa FEGAMP en todo o relativo a este convenio.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que presente a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a decisión de dar por finalizadas as prácticas para aqueles alumnos e alumnas que incumpran gravemente as obrigas inherentes ás mesmas.
4. Formular as propostas sobre o número de prazos de cada convocatoria para a realización de prácticas formativas correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se han de establecer oportunamente.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo oitava. □ NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIAS.

A falta de determinación no convenio, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
- Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.



- Plan de estudos da titulación.
- Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.
- Aplicación supletoria do Regulamento para a xestión de convenios e protocolos xerais de actuación na Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2021), das resolucións e acordos sobre esta materia e que non se opoñan ao Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela.
- De ser o caso, seranlle de aplicación as normas sobre afiliación e cotización de prácticas externas realizadas polo alumnado universitario.

Décimo novena. □ VIXENCIA DO CONVENIO.

O Convenio terá efectos desde a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Vixésima. □ RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula décimo novena.

Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésimo primeira. □ XURISDICIÓN.

As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir através da Comisión de Seguimento.

Non obstante reconécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das universidades.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio a data de sinatura electrónica

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: O Reitor, D. Antonio López Díaz

POLA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS: O Presidente, D. Alberto Varela Paz



ANEXO I

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Don/Dona Alcalde/sa do Concello de..... Presidente/a da Deputación Provincial de Manifesta a adhesión do Concello de Deputación Provincial de así como a aceptación dos compromisos establecidos no Convenio arriba citado para a organización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas na Universidade de Santiago de Compostela.

Departamentos onde poderán realizar prácticas os/as alumnos/as (e nº de prazas):

Períodos preferentes para a realización das prácticas:

En..... a..... de..... de 202.....



ANEXO II

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CURSO ACADÉMICO 202...../202.....

As persoas que asinan este documento manifiestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1. Tipo de prácticas: Curriculares Extracurriculares Trabajo fin de grao/máster

2. Estudiante beneficiario ou beneficiaria deste Acordo Apelidos e nome:

DNI

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3. Titulación na que está matriculado ou matriculada

4. Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades:

5. Titor ou titora académica:

D/Dona con DNI.....

6. Titor ou titora da Entidade Colaboradora:

D/Dona con DNI.....

7. Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa): do ao N° total de días: Horas/día:

8. (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación á alumna ou alumno por parte da Entidade dunha axuda ao estudo de.....€/mes,..... €/día,.....€ pola totalidade da práctica, que se aborá:

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o alumnado terá a condición de empresa, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 5 do presente convenio).

9. O réxime de permisos será acordado pola entidade colaboradora e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do alumnado tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10. O obxectivo educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.



11. *Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)*

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de profundización dependerán dos labores a desenvolver polo alumnado dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadia onde porán en práctica os coñecementos adquiridos, adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

12. **Sistemas de avaliación e control:** O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora ¹ e da memoria final da alumna ou alumno, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e

¹Conforme ao disposto na cláusula décimo primeira, apartado B, punto 5, o informe deberá emitirse no prazo de 10 días naturais unha vez finalizado o período de realización das prácticas.

como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13. O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b. Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sexto respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
- d. Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

14. **Información de protección de datos:**

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela
Responsable do tratamento	Secretaría Xeral
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei orgánica 6/2001, de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). No seu caso, consentimento das persoas interesadas.
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir datos, limitar o seu tratamento, opoñerse ao mesmo e á portabilidade dos datos.
Información Adicional	Pódese consultar información adicional na política de privacidade e protección de datos aloxada en: http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html
Transferencias internacionais	Non se prevén



O que se asina, por triplicado, en....., a..... de..... de 202.....

O titor ou titora académico/a,	O titor ou titora pola entidade colaboradora,	O/a estudante,
Asinado:	Asinado:	Asinado:

Por todo o anterior, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión ao CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, arriba transcrito.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Dar traslado do Anexo I, debidamente asinado, á FEGAMP e á Universidade de Santiago de Compostela.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 517/2023 DE DATA 23/10/2023 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL", DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 517/2023 de data 23.10.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “GASTROMAR CEDEIRA: PROMOCIÓN DO CONSUMO DO PRODUTO MARIÑEIRO LOCAL”, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A

Vista a Orden de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (DOG Núm. 183, do 26 de setembro de 2023)

Vista a subvencionabilidade do proxecto “Gastromar Cedeira: Promoción do consumo do produto mariñeiro local”, da Consellería do Mar.

Visto que segundo a devandita Orde se establece que a contía da subvención poderá ser do 100% do custo subvencionable, artigo 11



Vista a memoria de actuacións con orzamento para o desenvolvemento de dito proxecto, cun orzamento de 102.595,90 euros ive incluído divididos en tres anualidades ata 2025, para as actuacións de:

- Obradoiros para escolares: 10 sesións en aula e 5 saídas	33.746,90 €
- Sesións de cociña mariñeira: 2 sesións	31.218,00 €
- Rutas guiadas coa participación do sector: 4 saídas	14.278,00 €
- Exposicións exteriores: 2 eventos	16.698,00 €
- Comunicación. Notas de prensa e contidos e redes sociais	6.655,00 €

TOTAL IVE incluído **102.595,90 €**

Por anualidades, os gastos distribúense do seguinte xeito:

	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025
Estudos e traballos técnicos		18.137,90€	15.609,00€
Actividades de difusión,divulgación ou sensibilización		33.880,00€	28.314,00€
Comunicación e marquetig	1.452,00€	2.904,00€	2.299,00€
TOTAL	1.452,00€	54.921,90€	46.222,00€

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención á Consellería do Mar ao abeiro da Orde do 14 de setembro de 2023 para a actuación: “Gastromar Cedeira: Promoción do consumo do produto mariñeiro local”

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. DE DATA 26.10.2023 DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO" DA CONSELLERÍA DO MAR-PROCEDEMENTO PE155A

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 532/2023 de data 26.10.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, DA CONSELLERÍA DO MAR-PROCEDEMENTO PE155A

Vista a Orden de 14 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2023 (DOG Núm. 183, do 26 de setembro de 2023)



Vista a subvencionabilidade do proxecto “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, da Consellería do Mar.

Visto que segundo a devandita Orde se establece que a contía da subvención poderá ser do 100% do custo subvencionable, artigo 11

Visto o Convenio de colaboración asinado polos concellos de Cedeira, Valdoviño, Cariño e Foz coa finalidade de solicitar unha subvención para a execución do proxecto conxunto “SOCIAL A MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO” e actuando como representante o Concello de Cedeira.

Vista o obxecto do acordo asinado que recolle as seguintes actuacións a realizar nas anualidades 2023, 2024 e 2025:

TEMÁTICAS	ACTIVIDADES PROPOSTAS	PÚBLICOS	ENTIDADE QUE EXECUTA
GASTRONOMÍA	OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A CULTURA ALIMENTARIA DIRIXIDOS A ESCOLARES DO MUNICIPIO (PRODUTO LOCAL MÁIS TÍPICO)	Secundaria	CONCELLO DE FOZ
INCLUSIÓN SOCIAL	TALLER DE NÓS E REDES EN ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL	Público xeral, sector do mar e colectivos exclusión	CONCELLO DE CEDEIRA
FEMINISMO E IGUALDADE	ENVÍO DE CORRESPONDENCIA ENTRE NENAS E MULLERES MARINEIRAS	Mulleres do sector do mar, alumnado	CONCELLO DE CEDEIRA
	EXPOSICIÓN AS MULLERES DO MAR	Público en xeral	CONCELLO DE CARIÑO
SUSTENTABILIDADE	OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN SOBRE A SOSTIBILIDADE PESQUEIRA DIRIXIDOS A ESCOLARES DO MUNICIPIO	Alumnado do municipio	CONCELLO DE CARIÑO
BIODIVERSIDADE	ACTIVIDADE DIDÁCTICA NA ESCOLA “O fondo mariño na aula”	Público infantil e adulto	CONCELLO DE VALDOVIÑO
HÁBITOS VIDA SAUDABLES	TALLER DE NUTRICIÓN SAUDABLE E MOBILIDADE SOSTIBLE NO LITORAL	Primaria e Secundaria	CONCELLO DE FOZ CONCELLO DE VALDOVIÑO
COORDINACIÓN	PLANIFICACIÓN E COODINACION	Transversal	CONCELLO DE CEDEIRA
	DESEÑO E PRODUCCIÓN DE 2 ROLLUP	Transversal	CONCELLO DE VALDOVIÑO
COMUNICACIÓN	REALIZACIÓN DE DÚAS NOTAS DE PRENSA E A SÚA DIFUSIÓN AOS MEDIOS	Transversal	CONCELLO DE CARIÑO

Sendo o total do proxecto de 91.935,00€ sen IVE e de 111.241,35€ con IVE incluído

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención en colaboración cos concellos de Valdoviño, Cariño e Foz á Consellería do Mar ao abeiro da Orde do 14 de setembro de 2023 para a actuación: “SOCIAL A



MARES. A VERTEBRACIÓN DAS VILAS A TRAVÉS DO SECTOR PESQUEIRO”, correspondéndolle ao Concello de Cedeira a representación da agrupación e os seguintes gastos distribuídos en anualidades:

	SEN IVE			CON IVE		
	2023	2024	2025	2023	2024	2025
Actividade 1	- €	13.900,00 €	6.900,00 €	- €	16.819,00 €	8.349,00 €
Actividade 2	1.200,00 €	990,00 €	600,00 €	1.452,00 €	1.197,90 €	726,00 €
	1.200,00 €	14.890,00 €	7.500,00 €	1.452,00 €	18.016,90 €	9.075,00 €
			23.590,00 €			28.543,90 €

Terceiro.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 536/2023 DE DATA 30/10/2023 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 1 DA ORDE DO 01 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975P

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 536/2023 de data 30.10.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 1 DA ORDE DO 01 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975P

Vista a posibilidade que se establece no artigo 3.3 da citada orde que establece dúas liñas de axuda e a posibilidade de solicitar subvención para as dúas liñas: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia) (Liña 1) e Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ) (Liña 2).

Tendo en conta que, segundo o artigo 5.3 A axuda económica que se conceda financiará ata un máximo do 90 % do custo total do proxecto non sendo subvencionable o custo correspondente ao IVE (artigo 4.2 b))

Visto que, segundo o artigo 3.3, as entidades locais que cumpran os requisitos para ser beneficiarias deberán presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas.



Visto o informe da Intervención municipal de data 30/10/2023 de existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago da proposta de cofinanciamento por parte do concello.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria de axudas da referida Orde de 1 de xuño de 2023 ao abeiro da Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia), segundo o seguinte orzamento sen IVE:

ANUALIDADE 2023					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	Nº UNIDADES	CUSTO UNITARIO €	TOTAL POR CONCEPTO €	% COFINANCIAMENTO	SUBV SOLICITADA PARA 2023
Cubos para biorresiduos de grandes xeradores	20	20€	400€	10%	360€
Campaña de información, difusión y sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto	25	4€	100€	10%	90€

ANUALIDADE 2024					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	Nº UNIDADES	CUSTO UNITARIO €	TOTAL POR CONCEPTO €	% COFINANCIAMENTO	SUBV SOLICITADA PARA 2023
Cubos domésticos de biorresiduos	120	7,5€	900€	10%	810€
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores	60	15€	900€	10%	810€
Campaña de información, difusión y sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto	1	1800€	1800€	10%	1620€
Campaña de información, difusión y sensibilización á poboación e seguimento do proxecto	1	900€	900€	10%	810€

Terceiro.- Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde de convocatoria e demais normativa aplicable.

Cuarto.- O compromiso de aportar a cofinanciación que se sinala.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se



realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 537/2023 DE DATA 30/10/2023 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 2 DA ORDE DO 01 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975P

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 537/2023 de data 30.10.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA LIÑA 2 DA ORDE DO 01 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA OS ANOS 2023 E 2024 -CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MT975P

Vista a posibilidade que se establece no artigo 3.3 da citada orde que establece dúas liñas de axuda e a posibilidade de solicitar subvención para as dúas liñas: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia) (Liña 1) e Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ) (Liña 2).

Tendo en conta que, segundo o artigo 5.3 A axuda económica que se conceda financiará ata un máximo do 90 % do custo total do proxecto non sendo subvencionable o custo correspondente ao IVE (artigo 4.2 b))

Visto que, segundo o artigo 3.3, as entidades locais que cumpran os requisitos para ser beneficiarias deberán presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas.

Visto o informe da Intervención municipal de data 30/10/2023 de existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago da proposta de cofinanciamento por parte do concello.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria de axudas da referida Orde de 1 de xuño de 2023 ao abeiro da Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ), segundo o seguinte orzamento sen IVE:



ANUALIDADE 2023					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	Nº UNIDADES	CUSTO UNITARIO €	TOTAL POR CONCEPTO €	% COFINANCIAMENTO	SUBV SOLICITADA PARA 2023
Caldeiros domésticos de biorresiduos	15	7,5€	112,5€	10%	101,25€
Aireadores, termómetros e peneiras para a compostaxe doméstica	15	16,25€	243,75€	10%	219,38€
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto	15	4,25€	63,75€	10%	53,37€

ANUALIDADE 2024					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	Nº UNIDADES	CUSTO UNITARIO €	TOTAL POR CONCEPTO €	% COFINANCIAMENTO	SUBV SOLICITADA PARA 2023
Composteiros domésticos	15	60€	900€	10%	810€
Biotrituradoras	1	2505€	2505€	10%	2254,5€
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto	1	375€	375€	10%	337,5€

Terceiro.- Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde de convocatoria e demais normativa aplicable.

Cuarto.- O compromiso de aportar a cofinanciación que se sinala.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

15. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ